



Recita durante 20 segundos.

**No ceo hai dous reinos
ben separados,
os seus monarcas
están namorados.**

**Falo da lúa
e falo do sol,
sempre agochados
tras do seu amor.**

**O sol sae cedo
ha de madrugar,
cando chega a lúa,
tense que agochar.**

**Dálle moita mágoa,
tamén moita pena,
non pode ver a lúa
cando está chea.**

María Canosa.
Vagalume de versos.

Proxecto “ 20 segundos ”

Poemas seleccionados e ilustrados por alumnado do CPI de Cova Terreña.

Equipo de Dinamización da Lingua Galega.